


Actividades do día 1 de marzo **ENTROIDO 2019**



O próximo venres día 1 de marzo, co motivo da realización no Centro do festival do entroido (festival disfraces, comparsas,...) no que participará o alumnado de ESO, e para facilitar a súa organización, producirase unha modificación no horario do Centro: entrada ás 10:30 horas e saída ás 13:30.

Os autobuses adaptarán os seus percorridos ao horario citado. O alumnado terá que vir xa disfrazado e ese día non se permitirá o acceso ás aulas.

O alumnado de Bacharelato e Ciclos terá clase normal e comezará a súa xornada ás 08:30 e rematará ás 13:20 horas.

Non se permitirá:

- Entrar no centro coa cara tapada.
- Introducir calquera tipo de bebida.
- Non se permitirán: bicis, monopatíns,...
- Non se permitirán petardos ou calquera tipo de sprays.
- Non se poderá acceder ó centro despois da hora de entrada (10:30 horas).
- O alumnado, para poder saír antes das 13:30, ten que ser recollido polas familias e non poderá volver a entrar (salvo casos xustificados).

Lembramos que a ANPA "Castelao" organiza un concurso de doces de Entroido no cal pode participar calquera membro da comunidade. Os concursantes interesados poden traer os doces a partires das dez da mañá.

Aproveitamos para recordar que as vacacións do entroido son os días 4, 5 e 6 de marzo.

Cambre, a 26 de febreiro de 2019.

A DIRECCIÓN





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Rúa Río Sil, 9 - A Barcala

15660 - CAMBRE

Teléfono 881 88 03 39

Email: ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es



Erasmus+



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"